

# REAPERTURA DO PRAZO QUE QUEDOU PENDENTE DA RENOVACIÓN 2020-2021 DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN POR MOR DA DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA

**REAPERTURA DO PRAZO: DO 18 DE MAIO AO 1 DE XUÑO DE 2020**

**PARA FACER A RENOVACIÓN (usuarios/as fixos/as actuais dos servizos).**

## 1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

**1-a: Acceder á paxina web do concello:** [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) ou á páxina [www.conciliames.org](http://www.conciliames.org) coa clave de usuario e contrasinal poderá consultar os datos existentes no departamento de educación, revisar, modificar estes e cubrir a solicitude de renovación. Opcionalmente pódese calcular o custo dos servizos. Este calculo será orientativo e quedará suxeito á comprobación do expediente por parte do departamento de educación. No caso de non ter as citadas claves poderá solicitálas en [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal) facilitando o número de dni/nie.

**1.b: Liquidar as taxas de renovación da matrícula:** Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com), a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia renovar (12,00 euros por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a renovación.

### 1.c- Imprimir, asinar e presentar a solicitude de renovación en rexistro:

Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida.

Para a comprobación de datos tributarios dos membros da unidade familiar é necesario que todos os membros da unidade familiar maiores de idade asinen a autorización de solicitude de datos tributarios á axencia tributaria do exercicio 2019, sinatura que no caso da opción 1 (rexistro telemático) terá que vir asinada electronicamente por todos os membros da unidade familiar maiores de idade salvo que, ao igual que nas outras dúas opcións, se presente unha copia auténtica<sup>1</sup> de dita autorización na que figuren as anteriores sinaturas.

Opción 1: Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

Opción 2: Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames **(por mor da situación de estado de alarma, para o rexistro de documentación deberase solicitar cita previa no teléfono 981883002)**

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de Outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

1. Terán a consideración de **copia auténtica** dun documento público administrativo ou privado as realizadas, calquera que sexa o seu soporte, polos órganos competentes das Administracións Públicas nas que quede garantida a identidade do órgano que realizou a copia e o seu contido. As copias auténticas terán a mesma validez e eficacia que os documentos orixinais. (Artigo 27.2 LPAC)

## 2. USUARIOS/AS QUE NON DISPOÑAN DE ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites 1-a e 1-b do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no Pazo da Peregrina, ou na oficina municipal do Milladoiro ubicada de xeito transitorio na casa da cultura de Milladoiro, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono 981 891 476

No día e hora asignado para a cita, será necesario indicar o IBAN, o BIC, e os datos do/a titular da conta, para a domiciliación dos recibos coa finalidade de cubrir o impreso.

Só se entregará a documentación relativa á unidade familiar que non conste no departamento de educación ou non esté debidamente actualizada.

Unha vez realizado o trámite 1-a e 1-b deberán realizar o trámite 1-c, podendo escoller de entre as tres opcións posibles a máis axeitada as súas circunstancias persoais e tendo en conta que si a opción elixida son as oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames terán que solicitar cita previa no teléfono 981883002.

Aquelas persoas que desexen solicitar a **bonificación de taxas** para o curso 2020-2021, terán que presentar a solicitude cando formalicen a renovación, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria nas páxinas web sinaladas anteriormente.

**Para que a renovación sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.**

### **INFORMACIÓN:**

NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). TELF. 981 891 476 ou no correo electrónico [educacion@concellodeames.gal](mailto:educacion@concellodeames.gal)

### **IMPORTANTE:**

**NON RENOVAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA PARA O VINDEIRO CURSO, E POR O TANTO TEN QUE SOLICITAR DE NOVO A PREINSCRIPCIÓN EN DITO SERVIZO.**